

SAN MIGUEL

Domingo 29 de Setembro de 2024

*PATRÓN DOS MARIÑEiros
dende fai máis de 400 anos
celebrando no noso pobo.*



FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

PROGRAMACIÓN DE ACTOS SAN MIGUEL 2024

VENRES 27 DE SETEMBRO

20:30 H. Concerto da Banda de Música de Marín (Alameda Rosalía de Castro)

DOMINGO 29 DE SETEMBRO

11.00 H. Salón de Plenos do Concello:

- Acto Solemne do Padroado de San Miguel
- Entrega das Distincións de Confrades de Honra
- Imposición das Espadas de Ouro e Prata
- Nomeamento novos/as Confrades Numerarios

12:00 H. Misa Solemne na honra do noso patrono San Miguel (Templo Novo)

12:45 H. Procesión e Baile da Danza de Espadas polas rúas de Marín (ata o Templo Vello)

13:45 H. Queima de Madamitas (Praza de España)

14:00 H. Ofrenda Floral na Praza do Reloxo

18:30 H. Baile Danza de Espadas nas inmediacións da Alameda Rosalía de Castro

19:00 H. Actuación musical no Palco da Música

PADROADO DE MAREANTES SAN MIGUEL



D. CELSO MÉNDEZ FRAGUAS
Presidente



D. XULIO PARDELLAS DE BLAS
Tesoreiro



DÑA. ISABEL MARTÍNEZ EPIFANIO
Vicepresidenta



DÑA. CAROLINA PESQUEIRA
Secretaria

VOCAIS



DÑA. MARIÁN SANMARTÍN GARCÍA
Concelleira de Cultura



DÑA. CRISTINA ACUÑA GONZÁLEZ
Concelleira de Turismo



D. DAVID MOHEDANO MIRA
Cura Párroco
Sta. María do Porto



D. ANTONIO CAIÑA GARCÍA
Director de Danza



DÑA. TERESA RODRÍGUEZ
Grupo Meigas e Trasgos



DÑA. GUADALUPE AVE SOUTO
Grupo Beiramar





CADRO DE HONRA

PADROADO DE MAREANTES SAN MIGUEL

Patrón Mayor

S.M. el Rey D. Felipe VI



Presidente Emérito

Presidente da Xunta de Galicia D. Alfonso Rueda Valenzuela



PRESIDENTES DE HONRA



DÑA. MARÍA RAMALLO VÁZQUEZ
Alcaldesa Ilmo. Concello



D. LUÍS LÓPEZ DIÉGUEZ
Presidente Excma. Deputación



D. ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ
Conselleiro do mar



D. PEDRO CARDONA SUANCES
Ilmo. Comandante Director E.N.M.



D. CARLOS MARTÍNEZ ARIAS
Presidente Emérito



D. ENRIQUE GONZÁLEZ LÓPEZ
Patrón Maior da Cofraria de Pescadores

MAIORDOMO DE HONRA



D. VÍCTOR NOGUEIRA GARCÍA

CELSO MÉNDEZ FRAGUAS

Presidente do Padroado de Mareantes San Miguel



Xa chegou o mes de setembro, e con el a celebración de San Miguel, patrón de Marín e dos mariñeiros.

Dende o Padroado de Mareantes San Miguel, como Presidente por primeira vez, recollo o testemuño para asumir a responsabilidade de protexer, manter e difundir a tradicional Danza de Espadas de Marín máis aló das nosas contornas, achegando aos máis novos unha das danzas máis antigas de España.

Debemos darnos conta, como sociedade, da importancia de deixar unha herdanza cultural aos nosos descendentes, traballando non só dende os organismos oficiais ou asociacións, senón implicándonos dende as nosas casas.

Neste domingo 29 de setembro convidamos aos avós, fillos e netos a poñer a vestimenta (saia ou pantalón e camisa branca, faxín vermello ou azul e zapatillas), percorrer as engalanadas rúas de Marín e participar dos actos programados pola festividade do Arcanxo San Miguel, gozando un ano máis da nosa Danza de Espadas.

¡Viva San Miguel!

¡Viva a Danza de Espadas!



MARÍA RAMALLO

Alcaldesa- Presidenta do Ilustrísimo Concello de Marín



San Miguel é protección, defensa, seguridade. É o arcanxo que viste armadura de xeneral e que loita contra aqueles que queren facernos dano. É o noso escudeiro, o que nos axuda nos momentos difíciles, cando a dor e as malas situacións se achegan onda nós.

Festa de Interese Turístico de Galicia, o noso San Miguel é un momento especialmente emotivo para Marín. As fitas de cores brancas, vermellas e azuis ondean desde as farolas e o palco da música, presiden a imaxe canónica de Marín da Praza de España e enchen os nosos corazóns, á espera de que chegue o 29 de setembro.

Ese día, todo Marín é unha festa. Grazas á Danza de Espadas, disfrutamos da tradición e miramos con anhelo ás espadas vermellas, que se alzan sobre os nosos ollos e que crean figuras xeométricas máxicas sobre as que seguir sostendo a nosa cultura.

A Danza sempre será o noso maior símbolo de pertenza. Danzantes de diferentes xeracións xúntanse os días previos á festa para ensaiar e preservar unha das tradicións que máis nos posicionan alá onde imos. E iso, de verdade, faime sentir enormemente orgullosa do pobo que somos.

Porque loitamos pola nosa historia e costumes, porque as coidamos e mantemos ao longo dos anos, incluso revalorizándoas e tratando de espallalas máis alá das nosas fronteiras. Levamos a Marín no corazón alá onde imos e iso é unha armadura tan dura e importante como a que leva o noso San Miguel para evitar o olvido e a desmemoria.

O 29 de setembro seguiremos sendo unha referencia de devoción, diversión e espectáculo. Vaia por diante o noso agradecemento a todos aqueles que traballades intensamente por conseguilo: o Padroado de San Miguel, encabezado polo Ateneo Santa Cecilia, os danzantes, aos grupos Beiramar e Meigas e Trasnós... e a tantas outras persoas. Grazas, de corazón!

Desfrutemos dun ano máis de tradición, cultura, festa e arraigo.

Viva Marín! Viva San Miguel!

María Ramallo Vázquez, Alcaldesa de Marín



LUIS LÓPEZ DIÉGUEZ

Presidente Excma. Deputación de Pontevedra



A Festa de San Miguel de Marín, coa súa Danza das Espadas, é unha das festas de maior tradición e sona das que temos na nosa provincia de Pontevedra.

Falar desta celebración é falar de historia, falar de tradición e, sobre todo, falar de compromiso. Un compromiso centenario de toda a poboación marinense que cun fervor inesgotable mantén viva esta festa, un compromiso tamén do Padroado e do Ateneo Santa Cecilia que seguen promovendo e dando visibilidade a esta celebración; e un compromiso por parte de todo o tecido social marinense que dá color as rúas e prazas da vila para estar á altura desta cita que é de Interese Turístico de Galicia.

Mostra da grandeza desta tradición témola no seu cadro de honra no que figuran nomes de recoñecido prestixio e traxectoria no ámbito cultural e da tradición marinense, encabezado pola S. M. o rei Felipe VI como patrón maior, dá unha imaxe do calado e a importancia que ten formar parte desta festa.

Este ano 2024 volveremos desfrutar xuntos de todos os actos festivos que dan forma a unha xornada que ano tras ano segue acaparando miradas e admiración, especialmente a Danza das Espadas que é o emblema desta festa e a mostra, con tantos danzantes de todas as idades que participaron nela ao longo da súa historia, do forte arraigo que a poboación marinense, do Morrazo e de toda a provincia sinte cara esta tradición.

É de xustiza tamén dar os parabéns ao Padroado de Mareantes de San Miguel, ao Ateneo Santa Cecilia, ás danzantes e aos danzantes, aos colectivos sociais, ao Concello de Marín e a toda a cidadanía marinense pola organización, implicación e participación masiva neste festexo.

A cultura e as tradicións defínennos como pontevedreses, mantéñennos ligados a nosa terra e captan o interese de milleiros de persoas que xa descubriron ou están por descubrir o significado das Festas de San Miguel de Marín.

Convido a toda a veciñanza, a todos os que aman este concello e esta provincia a desfrutar desta tradición, porque o San Miguel de Marín e a súa Danza das Espadas son tamén unha experiencia 100 % Rías Baixas.

ACORDO

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO



DOG



DOG Núm. 240

Xoves, 16 de decembro de 2010

Páx. 20.372

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2010 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2010, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa de San Miguel e Danza das Espadas que se celebra no concello de Marín.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de outubro de dous mil dez, adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa de San Miguel e Danza das Espadas, que se celebra o vinteno de setembro de cada ano no concello de Marín, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20º do dito decreto, ordénase a publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2010.

P.D. (Orde 2-5-2009, DOG nº 155)

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Secretario xeral da Consellería de Cultura
e Turismo





FORMACIÓN DO ESPÍRITO NACIONAL

MITOS, LENDAS E FABULACIÓNS AO REDOR DA DANZA DE ESPADAS DE MARÍN

Por mor dunha moi deficiente tarefa de investigación do feito cultural, que eles mesmos debían promocionar, e amparados moitas veces, na suposta autoridade moral que lles outorgaba a súa participación de antigo e a súa perseveranza na danza, fóronse espallando entre os compoñentes vellos e novos do Padroado de San Miguel unha serie de “verdades históricas” coas que se intentou encher os ocos que á hora de estudar o devandito feito que os investigadores e historiadores locais non foron quen ou non quixeron encher.

A forma de encher eses ocos pasou case sempre por adecuar a historia da danza aos desexos de dotala de antigüidade e de estender o seu ámbito de influencia a toda a ría, como formas de dotar de maior relevancia ao feito; para tal fin non se dubidou en utilizar datos obtidos a partir das honrosas excepcións que no eido investigador local se levaron adiante hai xa 50 anos (Julio Pazos Gómez/José Torres) e completalos imaxinativamente para axeitalos, como dixemos aos nosos desexos. Así un dato aportado hai medio século polo investigador local Julio Pazos Gómez, provinte do seu estudo do libro de Contas da Confraría de Mareantes de San Miguel no que se detallaba como en 1697 “se saca en procesión marítima a imaxe de San Miguel”, é completado e espallado ata que se convirte en “verdade histórica”, de tal maneira que a “procesión vai a Tambo e alí co resto dos mareantes da ría bailan a danza”. Cando se trata de averiguar a orixe de tal afirmación, sempre se alude a algún terceiro que é unha fonte fiable; o problema é que esa cadea de coñecemento, canto máis se segue máis longa se fai e en cada elo é sempre froito dun terceiro, e sempre, iso si, fonte fiable. A historia da intencionada advocación de Tambo a San Miguel excedería os límites deste artigo, pero nunca se constata con anterioridade ao s. XVIII.



*San Miguel no cruceiro de
Estribela, hoxe en Pontevedra*



*Gaiteyro e ferreñeira no s, XVII
Colexiata de Sta. María de
Vigo. Museo Diocesano de Tui*

Froito tamén dese afán por dotar de antigüidade á danza de espadas de Marín, consiste en datar rotundamente a súa orixe en 1639 (se non antes), baseándose na entrada do libro de Contas da Confraría na que se apunta que se lle gasta unha cantidade para salario “do gaiteyro Tom...do ferreñeiro e convinte de danzantes no día do Corpus”. Nin nesa entrada nin na outra entrada onde se fala de danzantes en 1641, nin en ningún dos dous libros de Contas que se conservan no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago se fala especificamente dunha “danza de espadas”. O máis probable, coñecendo a realidade das confrarías gremiais da nosa ría no século XVII, é que tanto esta danza como a que executa a confraría de San Telmo dos mariñeiros do Cantodarea fose unha danza de espadas, pero sendo honestos entramos dentro do ámbito da suposición.

Entre as fabulacións que entre os compoñentes do Padroado circulan, desta vez para explicar a presenza das mulleres na danza, pois si se ten constancia de ser unha danza orixinariamente masculina, está a de que en datas historicamente recentes “como os homes estaban no mar e non chegaban a tempo de bailar a danza, as mulleres vestíronse con blusas e saias brancas e botáronse elas a danzar”. Esta fabulación sen base histórica algunha, completase con outra con visos historicistas, cando se fala da importancia da Sección Feminina de Coros e Danzas “na súa recuperación e na introdución da muller na danza”. É certo que compoñentes da Sección Feminina participaron nas danzas de espadas que na década dos 60 (1961, 1966, 1968, 1968, 1970 e 1971) e que o 10 de marzo de 1944, na Circular no 222 da Delegación Nacional da S.F., a xefe Nacional da Sección, Pilar Primo de Rivero apunta que:

“o noso labor folclórico orientarédolo dende agora, (...), no sentido de enraizar as cancións e danzas no seu propio ambiente, ou sexa no pobo

Para iso aproveitaredes as circunstancias de romarías, feiras, **días do Patrón**, etc. para que o grupo de coros e danzas da Sección Feminina de cada vila baile na praza”.

Máis malia estas indicacións para tódolos grupos de Coros e Danzas por parte de Pilar Primo de Rivero e da rexedora Nacional de Cultura Josefa Sampelayo, en Marín, a Sección Feminina nunca se interesou intencionalmente pola

recuperación da danza para o día do Patrón e en rigor, esta, non se perdera. Nunca se deu coma noutros lugares ese proceso propio do labor de recollida dos Coros e Danzas onde a xente maior ensinaba unha danza había tempo desaparecida a unha instrutora que a aprendía e logo ésta ensináballe ao grupo que a bailarían nos concursos que dende a posguerra se viñan celebrando periodicamente. Incluso logo da grave crise que supuxo para a nosa danza a guerra civil, esta permanecía en mans dos que a bailaran nos anos da República; e cada vez que dende os aparatos do sistema (Concello, Comisións de Festas...) se quería que a danza saíse, había que botar man dos mariñeiros que a bailaran nese período: nos 40, continuando a liñaxe de Calistro e Raxó, o fillo deste; nos 50, Temes e o Paivo; nos 60, o Paivo e Millis e ata ben entrados os 80 Millis, Sempre, seguindo o exemplo de Calistro bailábana ata unha idade avanzada, o que chocaba grandemente coas "Normas principais dos Coros e Danzas da SF" que establecían como idade tope para participar neles, os 28 anos "(...) pois é natural que pasada esta idade a axilidade, salvo casos extraordinarios, non é a mesma nin a resistencia tampouco (...)"

A mención á República non é trivial, pois malia ás afirmacións das dirixentes nacionais, sobre a creación da S.F. como unha "necesaria resurrección da tradición, perdida case na súa totalidade trala República", é nesa época cando a danza florece, tanto é así que a partir da danza orixinal de mariñeiros de Marín, aparece unha danza paralela que baila por toda Galicia, formada polos mariñeiros do Cantodarea e que no caso dun dos seus compoñentes, Temes, logo será vital na recuperación da danza de espadas nos anos 50.



1934. Danza de Espadas do Cantodarea diante do Concello

Os Coros e Danzas Local so amosa interese pola nosa danza cando nos Concursos que teñen lugar en 1960, primeiro a nivel provincial, se organiza un apartado nos mesmos para as danzas antigas, onde participan menos agrupacións. Nese apartado ven a ocasión de acceder con máis facilidade ás

probas de sector e finais, o que os e as capacitaría para saír fóra da nosa Comunidade, para poder viaxar, o que naqueles tempos era un premio en si mesmo. Excepcionalmente (os concursos tiñan unhas normas moi estritas en canto ao tempo de execución e número de danzantes, 6 parellas) acoden 20 compoñentes contando con Mari Rivadulla, como instrutora. Na sombra, como asesor, Francisco Fernández Area "O Paivo". Preséntanse ademais da de Marín, a danza de espadas interpretada pola S.F. de Baiona e a das Mudacións de Xuvencos interpretada pola S. F. de Pontevedra, sendo a primeira destas dúas a gañadora.



1961. Compoñentes da danza, mestura da SF e a Fronte de Xuventudes

A interpretación da danza é unha excepción no repertorio dos Coros e Danzas de Marín, na que si será habitual precisamente a das Mudacións de Xuvencos (Boborás, Ourense) que necesitaba dun número máis reducido de participantes e que ademais, dende antigo se levaba a cabo por mozos e mozas solteiras do lugar, o que entroncaba moi ben co tipo de bailes de parellas que decotío presentaban ao Concurso Provincial.

En anos seguintes, nin cando nos Concursos de S. F se abre a posibilidade de participar danzas só de homes (dentro dese afán por reproducir de xeito auténtico e fiel certas danzas gremiais), nin nese momento volve participar a S. F. de Marín coa danza de Espadas, é a última vez que nos Concursos ou nalgún dos numerosos certames folclóricos aos que acudiu na súa Historia a interpreta. Primeira e última vez que a S.F. mixta a interpreta como tal no seu repertorio, non así como dixemos a de Xuvencos.



1964. Coros e Danzas de Marín na Florida (Vigo)

Autenticidade, fidelidade e uniformidade son valores que os Coros e Danzas da Sección Feminina perseguen na execución das danzas, e que as súas participantes traen á nosa danza. A uniformidade como valor na execución da nosa danza verase moi lastrada pola moral puritana do réxime que impide que as mulleres poidan gastar pantalóns, polo que para poder bailar

necesitaran utilizar saias brancas ao estilo da danza de Xuvecos. A moral

do réxime perpetuará como tradicional, a posteriori, este estereotipo sexista na nosa danza, enmascarado como sempre como unha evolución natural e positiva. Aínda así, unha certa uniformidade conformarase a través das dúas ramas nas que se estrutura a danza, deixando unha para os vestidos de homes e outra para os de mulleres; dándose así o caso de que cando os homes non son dabondo para completar a súa rama, faise que algunhas mulleres se vistan de "home", con camisa, pantalón e faixa vermella.

Por todo o apuntado, queda claro que como dende o Padroado, ás veces se apunta, nunca foi o obxectivo da Sección Feminina o recuperar en Marín algo que estivese perdido, porque nunca o estivo. A última danza databa de 3 anos atrás, e xa había moito que aparecía un grupo de danzantes polo S. Miguel ou a Virxe do Carme logo do parón da Guerra Civil, quizais de xeito intermitente, pero aparecendo.

No ano 1961 son Guillerma Noya e María González, as mulleres

encargadas de sufragar cartos para os festexos do arcanxo, as que decatadas da súa participación coa danza no García Barbón en Abril do ano anterior e logo de 3 anos en que non saía ningún grupo, que se poñen en contacto cos Coros e Danzas; incluso se desprazan a Vigo para buscar os traxes que se atopan gardados na sede da Rexedoría Provincial. Son, por tanto, as compoñentes da Comisión de Festas, como pasara en anos posteriores os que realmente traerán de volta polo 29 de Setembro á danza de espadas, e dentro destas comisións é figura capital BENITO HERMIDA, mestre de Educación



1982. Mulleres na ringleira dos homes, vestidas de "homes"

Física do San Narciso, presidente do Club de Atletismo San Miguel, tenente de alcalde, alcalde e presidente do Ateneo Santa Cecilia. É el quen leva para Santa Cecilia a Danza, el quen co seu esforzo lle proporciona unha continuidade da que carecera dende a posguerra, e el quen estrutura a festa para o futuro, ata a chegada do Padroado promovido pola propia Asociación Cultural á que el vencellou para sempre a antiga danza dos mariñeiros do Gremio do Mar.



1969. Benito Hermida, Millis e o Paivo arrodados polos danzantes

BIBLIOGRAFÍA E HEMEROTECA:

- El Pueblo Gallego, 23 de Abril de 1960
- El Pueblo Gallego, 1o de Outubro de 1961
- La Agrupación de Danza de Sección Femenina de A Coruña. Dimensiones políticas, sociológicas, folclóricas e vivenciais.* Carolina Hernández Abad. Tesis doctoral. U. de Vigo
- La Sección Femenina, actividad musical.* Antonia Luengo Sojo. Tesis Doctoral. U. de Barcelona
- El folclore como instrumento político: los Coros y Danzas de la Sección Femenina.* Ana de la Asunción Criado. Revista Historia Autónoma 30-3-2017 da U. Autónoma de Madrid
- Un proyecto imposible de la modernidad franquista. Bailes tradicionales y NO-DO.* José Luis Anta Félez. Film Historia Centre d'Investigacions. 22-12-2023
- Mujeres, tierra y nación. Las danzas de la Sección Femenina en el mapa político de la España Franquista (1939-1952).* Beatriz Martínez del Fresno. U. de Oviedo

*Este artigo non tería sido posible sen o impagable traballo investigador de **Enriqueta Otero Farto "Queta Molas"**

JOSÉ ANTONIO PAZOS PAZOS



DISTINCIÓNS 2024

CONFRADES DE HONRA



XOSÉ MANUEL MERELLES REY
Director Turismo de Galicia- Xunta



JOSÉ FRANCISCO GIL DOPAZO
Picuíña



NURIA ESCOFET COMAS



ESPADA DE OURO

(20 ANOS)

SARAY REY BARROS (ATENEO)



ESPADAS DE PRATA

(10 ANOS)

Silvia Boullosa Dopazo (Meigas e Trasgos)
Jean Marie Okutu Kouletio (Meigas e Trasgos)
Eneritz Iglesias Llorente (Ateneo)
Saleta Oltra Martínez (Ateneo)
Ulises Oltra Martínez (Ateneo)
Daniel Rivas Plata (Ateneo)
Victor Vidal Carragal (Ateneo)
Estíbaliz Casal Piñeiro (Ateneo)














AGRADECEMENTOS

Esta edición da festividade de San Miguel non sería posible sen a implicación de organismos oficiais, confrades, danzantes e público en xeral, que cada ano participan na conmemoración e celebración da Danza das Espadas de Marín.

Dende o Padroado queremos facer unha mención especial ás persoas colaboradoras na elaboración deste libro:

- Julio Santos Pena (fotos 1,3,6,12,14,18,19,20,24,25,27,28,29,30,31,32)
- Ramón Omil Cortegoso (fotos 11,13,16,21,22)
- Concello de Marín (fotos 2,4,5,7,8,9,10,23)
- Arquivo Ateneo (fotos 17,26,33,34,35)
- José Antonio Pazos Pazos (texto: "Mitos, lendas e fabulacións ao redor da danza de espadas de Marín).
- Imprenta da excelentísima Deputación de Pontevedra.





Padroado de Mareantes San Miguel



ATENEO SANTA CECILIA

